

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 15 DE FEBREIRO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.
- Decreto sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do resto da estrada OU-901, situado na súa marxe dereita entre o p.q. 5+630 e o p.q. 6+190, a prol do Concello de Vilamarín.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de cen bolsas de excelencia para a mocidade exterior, co fin de cursar estudos de máster que se inicien no ano 2018 nunha universidade galega, por un importe total de oitocentos sesenta mil seiscientos vinte e cinco euros (860.625 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio do Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a colaboración e cooperación da Garda Civil na prestación do servizo no Centro Integrado de Atención a Emerxencias en Galicia (CIAE-112 Galicia) por importe de douscentos cincuenta e tres mil cincocentos dezaioito euros con vinte e catro céntimos (253.518,24 €).

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación con diversas contratacións relativas á terminal da estación de autobuses de Santiago de Compostela e á nova estación intermodal de Ourense, que vai tramitar a Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se declara de interese especial varios proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo, para o desenvolvemento do programa terapéutico educativo Proxecto Home de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e do programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, por un importe de oitocentos sesenta mil cincocentos trinta e cinco euros (860.535 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga da Coruña (ACLAD), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe dun millón cincocentos vinte e tres mil cento corenta e catro euros (1.523.144 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga (Alborada), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe dun millón trescentos cincuenta e seis mil trescentos cincuenta e un euros (1.356.351 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe de oitocentos corenta e catro mil trinta e dous euros (844.032 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe de cincocentos sesenta e un mil douscentos setenta e tres euros (561.273 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a autorización administrativa previa e de construción dunha planta de xeración eléctrica a partir de biomasa.
- Informe sobre o balance dos aforros enerxéticos acadados pola Redexga durante o período 2013-2017 e entrada en vigor do novo contrato centralizado de subministración de gas natural.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a campaña de sensibilización na educación obrigatoria a prol do coidado do ambiente e a prevención de incendios forestais.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DOS PROCESOS ELECTORAIS DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS

- *A Lei do deporte de Galicia establece que os órganos de goberno das federacións se renovarán cada catro anos, coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno, polo que a nova norma amparará os procesos electorais do ano 2018 e seguintes*
- *Na configuración da asemblea xeral desaparece a figura dos membros natos e dentro do estamento dos deportistas haberá unha porcentaxe do 10% reservada aos deportistas galegos de alto nivel*
- *O voto por correo será levado a cabo a través das oficinas da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos e a mesa terá a súa sede na Secretaría Xeral para o Deporte, asegurando un proceso democrático, transparente e onde poidan participar todos os electores independentemente do seu lugar de residencia*

O Consello da Xunta deu luz verde ao decreto polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

A finalidade deste decreto é adaptar a normativa reguladora das eleccións das federacións deportivas galegas á nova realidade garantindo un exercicio pleno dos dereitos electorais por todos os estamentos que conforman as federacións. Esta norma estará vixente nos procesos electorais do ano 2018 e nos seguintes anos establecendo unha serie de dereitos e deberes, requisitos e condicións no desenvolvemento destes, co fin de conseguir unha participación maioritaria, plena e igual de todas as persoas que integran as federacións. Cómpre lembrar que a Lei do deporte de Galicia establece que os órganos de goberno das federacións se renovarán cada catro anos, coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno.

Grazas ao decreto, régulanse todas as fases do proceso electoral desde a inicial convocatoria das eleccións ata a campaña electoral dos posibles candidatos, atendendo aos dous órganos das federacións que interveñen no proceso electoral: a xunta electoral como órgano único de ordenación e control das eleccións e a comisión xestora como órgano encargado de administrar e xestionar a federación durante o proceso electoral. Do mesmo xeito, establécense as condicións e requisitos necesarios para poder ser elector ou elixible para a asemblea xeral e para a presidencia das federacións.

Como principais novidades respecto aos procesos electorais anteriores, introdúcese a exigencia de elaborar un censo inicial previo ao provisional que permita corrixir os posibles fallos do censo provisional reducindo as reclamacións neste sentido.

Asemade, cómpre destacar que na configuración da asemblea xeral, ao abeiro do novo decreto, desaparece a figura dos membros natos e dentro das persoas representantes do estamento dos deportistas haberá unha porcentaxe mínima do 10% reservada aos deportistas galegos de alto nivel. En canto á elección do presidente da federación, a principal novidade é que poderán ser candidatos aquelas persoas que presenten avais do 10% dos membros da asemblea xeral.

A mesa electoral de voto por correo, común a todas as federacións, terá a súa sede na Secretaría Xeral para o Deporte e será constituída o día seguinte hábil á data de celebración da votación presidencial. Por vez primeira, o voto por correo será levado a cabo a través das oficinas da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos asegurando un proceso democrático, transparente e onde poidan participar todos os electores independentemente do seu lugar de residencia. Por outra banda, as mesas electorais para a votación a persoas candidatas á asemblea xeral e á presidencia da federación contarán con interventores e con observadores nomeados pola Secretaría Xeral para o Deporte para garantir o correcto desenvolvemento da xornada electoral.

## **A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE AS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS PODERÁN EMPREGAR SOPORTE ELECTRÓNICO NAS ACTAS E NAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS**

- *Regúlase como novidade a posibilidade de que as entidades locais incorporen tamén arquivos de son e vídeo ás actas*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto sobre os libros de actas e de resolución das entidades locais galegas en cumprimento da normativa de emprego de medios electrónicos nas relacións das administracións públicas coa cidadanía e con outras administracións.

A Xunta en resposta á demanda das entidades locais e dos colexios de secretarios, interventores e tesoureiros acordou adaptar a normativa galega que actualmente regula os libros de actas de acordos e resolucións das entidades locais, así como o papel numerado, ás novas exixencias existentes para as administracións públicas coa implantación da Administración electrónica.

Polo tanto, faise precisa a adaptación desta regulación co fin de permitir unha mellor adecuación ás necesidades e medios de cada entidade local. Ademais, regúlase como novidade a posibilidade de que as entidades locais incorporen arquivos de son ou vídeo a estas actas recollidas en soporte electrónico.

A disposición entra en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no DOG. Non obstante, e con carácter transitorio mentres non se adapten os libros de actas e resolucións a soporte electrónico, as entidades locais continuarán rexéndose polas disposicións anteriores. O prazo de adaptación a este decreto é de tres anos desde a súa entrada en vigor.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE VILAMARÍN DA TRAVESÍA DE PORTAMIEIRO, QUE SERÁ REFORMADA CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 200.000 EUROS

- *O municipio ourensán asumiu o compromiso de aceptar, de xeito previo á licitación do contrato de obras, a titularidade deste treito antigo da estrada autonómica OU-901*
- *Trátase dun tramo resultante dunha modificación do trazado da OU-901 (Ribadavia -límite provincia -Ponte Barxas), que se inicia no punto quilométrico 5+630 e finaliza no 6+190 desta estrada, na súa marxe dereita*
- *Coa transferencia, o Concello de Vilamarín será o responsable da conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia do tramo antigo da estrada OU-901, en Portamieiro, ao Concello de Vilamarín, como paso previo á súa reforma, que se levará a cabo cun investimento autonómico de case 200.000 euros.

O Concello de Vilamarín e a Consellería de Infraestruturas e Vivenda asinaron o pasado mes de xaneiro de 2018 un convenio de colaboración polo que a Xunta achega un investimento de case 200.000 euros para executar as obras de mellora da travesía de Portamieiro e das rúas situadas ao seu carón. Para isto, o municipio ourensán asumiu o compromiso de aceptar, de xeito previo á licitación do contrato de obras, a titularidade deste treito antigo.

A OU-901 (Ribadavia -límite provincia -Ponte Barxas) é unha estrada de titularidade autonómica que atravesa o Concello de Vilamarín entre os puntos quilométricos 4+470 e 9+510, que foi acondicionada en 2010, cun investimento de 7,2 millóns da Xunta.

Tras a realización da obra, que incluíu rectificacións do trazado da estrada, o núcleo de Portamieiro sitúase nun tramo antigo da infraestrutura viaria que intersecta coa OU-901 entre os puntos quilométricos 5+630 e 6+190.


Á altura de Portamieiro executouse unha variante de poboación polo que este núcleo se atopa nun resto da estrada. A travesía está urbanizada e conta con beirarrúas, aínda que estas son antigas e se atopan deterioradas polo paso do tempo e non se adaptan aos actuais requirimentos en materia de accesibilidade.

As obras que executará o concello de Vilamarín grazas ao convenio asinado teñen por obxecto mellorar as condicións dos firmes e a seguridade viaria, e reordenar os



espazos dando maior protagonismo aos tráficos peonís na antiga traza da OU-901 ao seu paso por Portamieiro e nas rúas da súa contorna,

Coa transferencia, o Concello de Vilamarín será o responsable da conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características, sen ser de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos.





## **A XUNTA ABRE A SEGUNDA CONVOCATORIA DAS BOLSAS DE EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR PARA ATRAER OS CURRÍCULOS MÁIS BRILLANTES DOS GALEGOS QUE VIVEN NO ESTRANXEIRO**

- *A iniciativa da Secretaría Xeral de Emigración contará con preto dun millón de euros para financiar os estudos de mestrado dos cen mellores expedientes do exterior*
- *Os alumnos contarán a partir deste ano con orientación laboral específica para que poidan iniciar a súa traxectoria laboral e establecerse definitivamente en Galicia*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a convocatoria, por parte da Secretaría Xeral da Emigración, das bolsas de excelencia para a mocidade exterior (BEME), coas que o Goberno galego posibilitará por segundo ano consecutivo que cen titulados universitarios galegos e de currículo brillante, residentes no estranxeiro e cunha titulación de grao, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, poidan cursar estudos de mestrado nalgunha das tres universidades galegas.

A iniciativa é xestionada por Emigración en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as universidades galegas, e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, e busca atraer cada ano galegos que viven fóra e que completen aquí a súa formación especializada, traballen en Galicia e fixen definitivamente a súa residencia no territorio galego. Con este fin introducírase este ano como novidade o acceso á orientación laboral específica para os beneficiarios das bolsas BEME.

Esta nova medida pretende non só captar para Galicia o talento máis brillante de entre as mozas e os mozos residentes fóra, fomentando o retorno da poboación activa laboral, senón tamén facilitarlles o seu establecemento definitivo na comunidade, contribuíndo a fixar novos residentes no territorio. A oferta centrarase en estudos con capacidade de absorción no tecido produtivo e laboral galego. O investimento inicial por curso académico desta iniciativa é de 860.000 euros.

### **Requisitos para ser beneficiario e contía da bolsa**

Os beneficiarios da iniciativa deben ser galegos por nacemento ou descendentes por consanguinidade, acreditar un mínimo de dous anos de residencia no exterior, e estar admitido na preinscrición dalgún dos mestrados das universidades galegas. A bolsa, cuxo importe é de 7.000 ou 7.650 euros (segundo a persoa beneficiaria proceda de Europa ou do resto do mundo) por curso completo de 60 créditos ECTS, destínase a cubrir os gastos de matrícula, viaxe, aloxamento e manutención na Galicia territorial. Aqueles que se matriculen nun curso de maior duración (90 créditos) disporán dun presuposto total de ata 11.475 euros (en función do continente de procedencia do alumno).

## **Perfil dos primeiros bolseiros**

Á primeira convocatoria deste programa formativo presentáronse 184 solicitudes, das cales 50 procederon de Venezuela, 39 de Brasil, 38 de galegos emigrados (e residentes, principalmente, no Reino Unido e Alemaña), e 25 da Arxentina. De aí que os países con maior número de estudantes seleccionados, que se atopan nestes momentos cursando os seus respectivos mestrados, repitan esta mesma secuencia: Venezuela (25), Brasil (19), Arxentina (16), Reino Unido (9), México (7), Alemaña e Uruguai (6 cada un), Cuba e Costa Rica (2 cada un), e Suíza, Polonia, Panamá, Chile, Chipre e Francia (1 cada un).

Trinta deles elixiron un mestrado impartido pola Universidade da Coruña, mentres outros 35 se decantaron por un da Universidade de Santiago de Compostela e os 35 restantes, por un da Universidade de Vigo. En materia de xénero, a repartición das bolsas beneficiou practicamente ao mesmo número de homes que de mulleres.

O obxectivo do Goberno galego é que a publicación desta orde se realice o antes posible no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para que o prazo de solicitudes, que se pechará o 31 de maio, poida abrirse canto antes. Os alumnos terán ata o 10 de agosto para presentar a matrícula nos mestrados elixidos, e os primeiros estudantes comezarán o curso no mes de setembro.

*Máis información sobre as bolsas na ligazón*

<http://emigracion.xunta.gal/bolsas-excelencia-mocidade-exterior-2018>

## **A XUNTA E A GARDA CIVIL ASINARÁN UN CONVENIO PARA A INTEGRACIÓN DOS SEUS EFECTIVOS NO CENTRO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS**

- *Trátase do primeiro corpo de seguridade que se integra no 112 conforme o obxectivo marcado coa posta en funcionamento do novo centro*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe este convenio de colaboración, que terá unha vixencia de catro anos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre o Ministerio de Interior e a Xunta para incorporar efectivos da Garda Civil ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE 112) da Estrada. O obxectivo desta iniciativa é garantir unha resposta rápida á cidadanía, grazas a unha activación coordinada e eficaz dos distintos servizos públicos de emerxencia.

O persoal da Garda Civil que se inclúe no convenio para prestar este servizo ascende a un total de nove efectivos: un capitán/tenente, un suboficial e sete cabos ou gardas. O CIAE porá á disposición dos axentes as instalacións, equipamentos e un uso prefixado da plataforma informática para que poidan colaborar, desde as súas competencias, na xestión das emerxencias.

Deste xeito, no propio centro haberá diariamente persoal deste corpo -o máis numeroso de Galicia- que recibirá directamente a información da emerxencia na que deberán intervir. Os seus responsables encargaranse de realizar as mobilizacións correspondente á Garda Civil, e de reportar a información necesaria sobre a resolución da situación para que todos os que interveñan dispoñan da mesma.

A integración, polo tanto, comporta vantaxes tanto para a Garda Civil, que pasará a ter información máis detallada e áxil da emerxencia, o que lle permitirá actuar de xeito máis eficaz; como para o 112, que pasa a contar persoal de enlace da Garda Civil na propio centro e con mellor información de retorno. Todo isto redundará nunha actuación máis coordinada e eficaz ao servizo da cidadanía

Así, coa autorización deste convenio, dáse un importante e primeiro paso cara á integración dos distintos servizos de emerxencias e das forzas e corpos de seguridade no CIAE 112, o que suporá un grande avance na xestión das emerxencias en Galicia e un exemplo da necesaria colaboración entre administracións.

Esta integración é, de feito, un dos principais obxectivos e retos das novas instalacións. A partir de agora, está prevista a integración paulatina doutros servizos como bombeiros, Policía Nacional, Policía Autonómica ou GES.

## O CONSELLO DA XUNTA HABILITA O CRÉDITO NECESARIO PARA LICITAR AS OBRAS DA PRIMEIRA FASE DA ESTACIÓN INTERMODAL DE OURENSE, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 10 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego prevé licitar proximamente as obras da nova terminal de autobuses integrada na estación de ferrocarril por importe de 4,4 millóns*
- *Ademais, a Xunta achegará o 67% do financiamento do aparcadoiro subterráneo, que contratará e executará o Ministerio de Fomento a través de Adif*
- *O aparcadoiro subterráneo disporá de dúas plantas con 300 prazas que darán servizo ás terminais de ferrocarril e autobuses é á demanda pública en xeral e posibilitarán a reordenación da praza da estación*
- *A 2ª fase da estación intermodal prevé a adaptación da estación de ferrocarril e a conexión transversal e a integración urbana dos barrios da Ponte e o Vinteún, a ambos lados das vías*
- *A intermodal, ao integrar as terminais de ferrocarril e autobuses no mesmo espazo, constituirá o principal nó de comunicación de viaxeiros da provincia e facilitará os desprazamentos dos veciños da cidade e do resto de concellos*

O Consello da Xunta habilitou hoxe o crédito necesario para licitar as obras da primeira fase da estación intermodal de Ourense, unha infraestrutura que suporá un investimento de máis de 10 millóns de euros.

A primeira fase desta actuación estratéxica, cuxas obras comezarán este ano, comprende a execución da terminal de autobuses e do aparcadoiro subterráneo.

A Xunta prevé licitar en próximas datas as obras da estación de autobuses intermodal, cun investimento de 4,4 millóns de euros que achegará na súa totalidade.

Ademais, o Goberno galego destinará 3,9 millóns de euros a financiar o 67% do custo do aparcadoiro subterráneo e que executará o Ministerio de Fomento a través do Adif. Este organismo achegará o investimento restante, ademais do IVE, ata completar o importe total de licitación do aparcadoiro de 7,1 millóns de euros.

Ese aparcadoiro disporá de dúas plantas con 300 prazas que darán servizo ás terminais de ferrocarril e autobuses é á demanda pública en xeral e posibilitarán a reordenación da praza da estación. Ademais, esta actuación permitirá acadar unha contorna máis comfortable e a súa integración urbana.

O Executivo autonómico conta con fondos do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 para cofinanciar as actuacións correspondentes.

A segunda fase da estación de Ourense, que desenvolverá o Ministerio de Fomento, prevé a adaptación da estación de ferrocarril e actuacións de permeabilidade transversal e integración urbana para acadar unha adecuada comunicación entre os barrios a ambos lados das vías.

Ambas as fases son o resultado dun traballo coordinado entre as dúas administracións, a Xunta e o Ministerio de Fomento, na procura da solución máis acaída, eficaz e integrada desde o punto de vista estético.

O Executivo autonómico está a apostar con determinación pola intermodalidade a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte. Esta aposta reflíctese nos orzamentos da Xunta para o ano 2018, que recollen unha partida de 2,7 millóns de euros para iniciar as obras da estación intermodal de Ourense.

A intermodal incidirá positivamente na área que a acollerá, ao superar a barreira que as vías supuxeron na división dos barrios da Ponte e o Vinteún. Neste sentido, a nova infraestrutura integrará as terminais de ferrocarril e autobuses no mesmo espazo, constituíndo o principal nó de comunicación de viaxeiros da provincia e facilitando os desprazamentos dos veciños da cidade e do resto de concellos.

Esta infraestrutura, ao non estar recollida nas normas urbanísticas en vigor actualmente no Concello de Ourense, tramitouse a través da Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. Esta norma, aprobada pola Xunta o ano pasado, permite axilizar os prazos para acadar o amparo urbanístico e a seguridade xurídica necesaria nesta actuación estratéxica.

O Consello da Xunta deulle luz verde o pasado mes de decembro ao proxecto conxunto, o que fará posible licitar as obras nas vindeiras datas.

## A XUNTA RATIFICA A SÚA APOSTA POLAS RENOVABLES COA AUTORIZACIÓN DUNHA PLANTA DE BIOMASA EN CURTIS E A DECLARACIÓN DE TRES NOVOS PARQUES EÓLICOS DE INTERESE ESPECIAL QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE 207M€

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria informou no Consello da Xunta da aprobación dunha planta de xeración eléctrica a partir de biomasa de 49,19MW na que Greenalia investirá 113,7 millóns de euros*
- *A nova infraestrutura, tramitada a través da oficina Doing Business e que entrará en funcionamento no primeiro trimestre de 2020, xerará 550 empregos durante a súa construción e ao redor de 130 tras a súa posta en marcha*
- *Un novo proxecto na provincia de Lugo e a repotenciación dos parques coruñeses de Corme e Zas súmanse aos 18 xa declarados de interese especial, o que supón a mobilización final de 543 millóns de euros, a implantación de máis de 450MW e a creación de máis de 7000 empregos durante a construción*
- *Tal e como establece a Lei de implantación empresarial, as novas infraestruturas serán prioritarias e simplificarase a súa tramitación, reducindo á metade os prazos para a obtención dos informes necesarios e sempre mantendo as garantías urbanísticas, técnicas e medioambientais*
- *O Goberno autonómico mostra así o seu compromiso polas enerxías renovables, un sector en crecemento que, despois das tres últimas poxas realizadas polo Estado, permitirá chegar aos 4000MW en activo en 2020 en Galicia*

A Xunta ratifica a súa aposta polas enerxías renovables coa autorización dunha planta de biomasa no municipio coruñés de Curtis e a declaración de interese especial doutros tres parques eólicos, situados nas provincias da Coruña e Lugo. Os catro proxectos suporán un investimento de preto de 207 millóns de euros.

Así, a Consellería de Economía Emprego e Industria informou hoxe no Consello da Xunta da autorización dunha planta de biomasa en Curtis (A Coruña) que suporá un investimento de 113,7 millóns de euros por parte de Greenalia.

A empresa tramitou a solicitude de posta en marcha da nova infraestrutura a través da oficina *Doing Business* -[www.doingbusiness.gal](http://www.doingbusiness.gal)-, unha iniciativa pioneira da Xunta de Galicia que facilita e mellora a tramitación administrativa dos proxectos empresariais.

Está previsto que a planta de biomasa entre en funcionamento no primeiro trimestre de 2020, terá unha potencia de 49MW e xerará 375,7GWh ao ano. Ademais, permitirá a creación de 550 postos de traballo durante a súa construción e ao redor de 130 coa súa posta en marcha.



O Goberno galego está a impulsar a biomasa como combustible autóctono, renovable e respectuoso co ambiente e que ten capacidade para xerar valor e emprego en todo o ciclo produtivo. Así, desde o ano 2014 estase a desenvolver a Estratexia integral de impulso da biomasa con fins térmicos, que permitiu a instalación de 4000 caldeiras.

As ordes de axudas deste ano para particulares, administracións locais, empresas e asociacións sen ánimo de lucro destinan 8 millóns de euros para a implantación de equipamentos de biomasa, o que se traducirá en investimentos finais por preto de 15 millóns de euros.

### **Parques eólicos**

Por outra parte, tras a declaración, o pasado mes de decembro, de 18 parques e 14 infraestruturas de evacuación de interese especial, a Xunta sumará outras tres iniciativas máis, o que supón un investimento global de 543 millóns de euros, a implantación de preto de 500 MW na Comunidade, máis de 7000 empregos durante a súa construción e máis dun centenar tras a súa posta en funcionamento. Ademais, establece un canon eólico de case 17 millóns de euros durante toda a súa explotación.

En concreto, trátase do parque eólico Picato e a súa infraestrutura de evacuación, situado nos concellos de Guntín, Lugo e Friol (Lugo), que con 21 aeroxeradores e unha potencia de 42MW terá unha produción anual de 120GWh. Os outros dous proxectos declarados de interese especial son repotenciacións que se realizarán na provincia da Coruña: o parque eólico de Zas (nos concellos de Zas, Santa Comba e Tordoia), cunha redución de 80 a 10 aeroxeradores, un incremento da potencia dos 24 aos 26,25MW e unha produción anual de 100,27GWh; e o de Corme (situado en Ponteceso), que pasa de 61 a 7 aeroxeradores, cun lixeiro aumento da potencia (de 18,3 a 18,375MW) e mantendo unha produción anual de 77,40GWh.

Estes tres proxectos, cun investimento asociado de preto de 93,3 millóns de euros, suman 86,62MW, dos que 42MW son de nova creación -parque eólico Picato- e 44,62 MW corresponden ás dúas repotenciacións de Corme e Zas. O desenvolvemento das tres iniciativas permitirá a creación de preto de 800 postos de traballo durante a súa execución e máis de 30 empregos estables durante o seu funcionamento. O canon eólico xerado será de 3,6 millóns de euros durante toda a súa explotación.

A declaración de interese especial destes proxectos é unha nova figura que introduce a Lei de implantación empresarial e que permite a tramitación prioritaria destas actuacións, así como a redución á metade dos prazos necesarios para obter as autorizacións preceptivas para a construción dos parques, mantendo sempre todas as garantías urbanísticas, técnicas e ambientais. O obxectivo é que se executen en Galicia proxectos de enerxías renovables no marco das poxas do Estado, tendo en conta que deben estar en funcionamento antes do 1 de xaneiro de 2020.

Os tres parques sumaranse aos 160 que están en funcionamento na nosa Comunidade con máis de 3300 MW. A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar, así, un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica centrado na recuperación do liderado do sector, así como na creación de emprego e riqueza para a sociedade. O Goberno galego agarda que en 2020, tras as tres últimas poxas realizadas a nivel estatal, Galicia sume 4000 MW en funcionamento.

## **O SERGAS DESTINA 5,1 MILLÓNS DE EUROS A PROGRAMAS DE ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS**

- ***As asociacións destinatarias das axudas realizarán a atención integral aos pacientes con trastornos adictivos e ás súas familias atendendo a criterios, guías e procedementos establecidos polo Sergas***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá os convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e diferentes asociacións por un importe de 5.145.335 euros. Estas contías rexistran un incremento medio do 4,6% con respecto de anos anteriores, aumentando por primeira vez dende o ano 2008.

En concreto, están destinados a asociacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos derivados do uso das drogas.

No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda xerada neste período, respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade na súa respectiva área de influencia. En definitiva, realizará a atención integral aos pacientes con trastornos adictivos e ás súas familias atendendo a criterios, guías e procedementos establecidos polo Sergas.

As entidades realizarán os programas previstos no proxecto do novo Plan de trastornos adictivos de Galicia, entre os que atopan como medidas a mellora na atención a persoas que padecen simultaneamente un trastorno adictivo e outro trastorno mental (patoloxía dual) e a atención de terceiro nivel (en réxime residencial) que se presta na comunidade terapéutica, así como a mellora na coordinación cos dispositivos da rede de saúde mental e atención primeira e a atención a novas condutas de atención clínica. Outras novidades que recolle o plan de xeito transversal son a introdución da perspectiva de xénero, atendendo ás necesidades específicas da muller que padece este tipo de patoloxías, así como a mellora do coñecemento acerca destes trastornos co deseño dun plan anual de formación en materia de adiccións.

En concreto, as entidades destinatarias das axudas son Cruz Vermella Lugo, que recibe 561.273 euros; Asfedro, que recibirá 844.032 euros, Alborada que recibirá 1.356.351 euros, e ACLAD cunha contía de 1.523.144.

Así mesmo, o Consello da Xunta autorizou o convenio coa Fundación Monte do Gozo, que recibirá un total de 860.535 euros, dos cales 727.601 euros están destinados ao programa terapéutico educativo *Proxecto Home* de atención e rehabilitación de drogodependentes de Galicia, e outros 132.934 euros son para o desenvolvemento do

programa de tratamento e rehabilitación en réxime de comunidade terapéutica da dependencia alcohólica.

## A XUNTA TERÁ AFORRADOS 45 MILLÓNS DE EUROS EN 2022 TRAS CENTRALIZAR A XESTIÓN DOS CONTRATOS DE ENERXÍA

- *A Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), formada por máis de 2000 centros, acadou un aforro de 23 M € desde a súa posta en marcha en 2013 a través das contratacións centralizadas de electricidade, gas natural e gasóleo*
- *Estímase que para 2022 a diminución do importe da factura enerxética se incrementa en 22 millóns de euros*
- *Ademais de centros públicos da Administración autonómica, formarán parte de Redexga as universidades de Santiago e Vigo, que están a incorporar todas as súas instalacións de consumo enerxético*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través desta rede, está a recompilar os datos dos consumos, características e condicións das instalacións públicas autonómicas que empreguen propano ou biomasa para unha posible contratación centralizada destas fontes de enerxía*
- *A eficiencia e o aforro enerxético son un obxectivo prioritario para o Goberno galego para a sustentabilidade financeira do sector público, a optimización no emprego dos recursos económicos e técnicos da Xunta e a diminución da emisión de gases polo efecto invernadoiro*

A Administración autonómica prevé en 2022 un aforro estimado en 45 millóns de euros na factura enerxética dos centros públicos adheridos á Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga) a través do desenvolvemento das contratacións centralizadas que está a levar a cabo a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), desde o ano 2013.

Desde a creación da Redexga en 2013, a Xunta acadou un aforro de 23 millóns a través de dous contratos centralizados: de electricidade e gas natural. A esta cantidade hai que engadir outros 22 millóns máis correspondentes ao aforro estimado para o ano 2022 a través de tres contratos que xa están en marcha (o novo contrato de electricidade, vixente desde finais do ano pasado; o de gasóleo C, desde 2016; e o específico para Sogama, desde 2017) e un cuarto, o novo contrato de gas natural, que entrará en vigor a principios do próximo mes de marzo.

As contratacións centralizadas de electricidade, gas natural e gasóleo, nas que se inclúen 2077 centros adheridos a Redexga, tiveron un consumo enerxético total anual de 800Gwh. Neste senso, cómpre salientar que, dando continuidade á política de aforro e eficiencia enerxética impulsada pola Xunta, Redexga está a recompilar os datos dos consumos, características e condicións técnicas das instalacións públicas autonómicas que empreguen propano ou biomasa como combustibles para estudar a viabilidade dunha nova contratación centralizada para a súa subministración.

Ademais de centros públicos da Administración autonómica, formarán parte de Redexga as universidades de Santiago e Vigo, que están a incorporar todas as súas instalacións de consumo enerxético ás contratacións centralizadas da Xunta, tanto de electricidade como de gas natural, o que supón un incremento do consumo para Redexga duns 40 GWh/ano en electricidade e 55GWh/ano en gas natural.

Esta actuación enmárcase na Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público galego (2015-2020) co que a Xunta aspira a diminuír nun 20% os consumos enerxéticos da propia Administración. A eficiencia e o aforro enerxéticos constitúen un dos obxectivos prioritarios do Goberno galego para acadar a sustentabilidade financeira do sector público, ao reducir a factura enerxética da Administración; a optimización no emprego dos recursos económicos e técnicos da Xunta; e a diminución da emisión de gases de efecto invernadoiro en Galicia.

Redexga, xestionada polo Inega, impulsa estes obxectivos a través da promoción dos expedientes de contratación centralizada das subministracións enerxéticas públicas; a interlocución entre os centros de consumo da Administración galega; a supervisión de estudos sobre medidas de aforro e mellora da eficiencia enerxética; e o asesoramento e a formación na implementación da normativa enerxética.

De feito, a través desta rede, ofrécese como complemento da contratación centralizada, asesoramento enerxético aos centros adheridos, proporcionando información técnica aos xestores dos centros de consumo para optimizar os principais parámetros da facturación. Ofrécese tamén información para a optimización e redución das potencias contratadas, e para a diminución da tensión de subministración, pasando de alta a baixa tensión.

### **Eficiencia enerxética nas empresas**

A Xunta, tamén a través do Inega, está a apoiar a eficiencia enerxética en máis de 200 empresas do sector industrial e hoteleiro favorecendo unha mobilización de 42 millóns de euros. Para iso, conta cunha convocatoria de axudas para a realización de auditorías, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industrial e hoteleiro. En total, permitirá a realización de 205 actuacións cun investimento do Goberno galego de 8,1 millóns de euros. En concreto, serán 177 proxectos de aforro e eficiencia na industria e servizos enerxéticos, 20 en hoteis, 7 auditorías e un sistema de xestión.

Este tipo de programas responde ao compromiso da Xunta de impulsar políticas que permitan introducir en todos os eidos da sociedade a cultura do aforro e a eficiencia enerxética e un maior uso das fontes de enerxía renovables. Froito deste compromiso son, tamén, as axudas para a implantación de proxectos de instalación de bombas de calor ou solares térmicas que nos dous últimos anos permitiron levar a cabo máis de



500 proxectos por parte de particulares, pemes e administracións galegas; ou os novos apoios dirixidos ás empresas de produción agrícola primaria, que posibilitaron o desenvolvemento de 79 actuacións.

## **A CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE O COIDADO DO MONTE E A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS CHEGARÁ ESTE ANO A UNS 17.000 ESCOLARES**

- *Trátase dunha campaña de sensibilización na educación obrigatoria sobre o coidado do ambiente e a loita contra os lumes*
- *Esta iniciativa dá continuidade ao labor realizado nos últimos anos, incrementándose nun 11,5% o número de xornadas e nun 30% a cifra de alumnos respecto ao 2017*

A Xunta planificou para este ano a realización de 324 charlas e actividades divulgativas a prol do monte galego nas que está previsto que participen uns 17.000 alumnos de centros escolares de toda a comunidade. Deste xeito, o Goberno galego cumpre outro dos 30 compromisos adquiridos na proposta de acordo forestal tras a vaga de lumes de outubro pasado, que se refería ao deseño dunha campaña de sensibilización na educación obrigatoria sobre o coidado do ambiente e a prevención de incendios forestais. Así se explica nun informe avaliado hoxe polo Executivo autonómico na reunión semanal do Consello.

As xornadas serán coordinadas por xefes, axentes e técnicos da Consellería do Medio Rural e levaranse a cabo nos dezanove distritos forestais nos cales se estrutura a nosa comunidade. Versarán sobre aspectos relacionados coa conservación da natureza, as características dos nosos montes e a prevención, defensa e extinción de incendios. Este número de accións de sensibilización supón un incremento do 11,5% respecto ao 2017 e a cifra de alumnos implicados medra un 30% en relación co pasado ano.

A maioría das iniciativas programadas para este ano desenvolveranse en centros de ensino de infantil e primaria, pero tamén están previstas accións en institutos de ensino secundario e mesmo algunha coa universidade, dirixida a estudantes de Enxeñaría de Montes. As charlas planificadas para 2018 súmanse ás máis de 800 actuacións de divulgación realizadas no período 2015-2017, que chegaron a 41.249 escolares. A estas actividades cómpre engadir as desenvolvidas a través de iniciativas educativas específicas, tales como "O monte vivo" ou "Montentérate - O monte, a nosa vida". Nos tres últimos cursos participaron nestes programas, en conxunto, un total de 2.703 rapaces de 29 centros educativos de toda Galicia. Medio Rural leva a cabo tamén accións divulgativas e plantacións simbólicas de árbores aproveitando a celebración, cada 21 de marzo, do Día Mundial dos Bosques.

### **Valores**

Os informes sobre as causas dos incendios forestais en Galicia apuntan cara a unha alta intencionalidade e sinalan que a man do home está detrás da inmensa maior parte dos lumes. Por iso, a prevención ten que centrarse, ademais das actuacións sobre o

terreo, na sensibilización social e a educación ambiental. Isto ten unha importancia especial na infancia, á hora de asentar nela valores de respecto e coidado do medio natural e, especificamente, de rexeitamento á actividade delituosa incendiaria, obxectivos que se perseguen con esta campaña.